



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARNOTA

Rectificación de erro material observado na resolución número 56 de data 03/02/2025 de ampliación do horario de peche dos establecementos

Publícase para xeral coñecemento o Decreto da Alcaldía do Concello de Carnota, número 89 de data 17/02/2025 DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL observado na resolución número 56 de data 03/02/2025 de AMPLIACIÓN DO HORARIO DE PECHE DOS ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO, DOS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E DAS ACTIVIDADES RECREATIVAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DE FESTAS E VERBENAS POPULARES 2025

- Por resolución da alcaldía número 56 de data 03/02/2025 adoptouse o seguinte acordo:

"ANTECEDENTES:

EXPTE. Nº 2025/U029/000003

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece no artigo 4.c) que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, dispón no artigo 5.f) que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da Lei.

A Orde da Vicepresidencia primeira Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dispón no seu artigo 9.1 que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

No artigo 9.4 da Orde do 23 de outubro de 2020 sinálase que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Considerando a vontade deste Concello en apoiar e favorecer a actividade das asociacións municipais, que fan posible a celebración destes eventos festivos de grande tradición en Galicia, os cales repercuten positivamente en diferentes eidos municipais, sociais e económicos, así como apoiar o sector hostaleiro municipal, o cal se debe compatibilizar coa aplicación das normas en materia de contaminación acústica ou outras disposicións legais e, así mesmo, cos dereitos de terceiras persoas e co óptimo funcionamento dos servizos públicos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º. Autorizar a ampliación en 2 horas sobre o horario xeral disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, da finalización das festas.

2º. Autorizar a ampliación en 2:30 horas sobre o horario xeral de peche disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, do peche dos establecementos de restauración (epígrafe III.2.5, Orde do 23 de outubro de 2020) e de ocio e entretemento (epígrafe III.2.7, Orde do 23 de outubro de 2020).

3º. Os devanditos establecementos deberán contar co **título habilitante** correspondente (licenza ou comunicación previa) para o exercicio da actividade.

Notificarlle a presente resolución aos interesados.

Relación de festas:

Entroido

Semana Santa

Cachelada de Mallou

Festa do Mar de Lira

As Saghieiras

Festas parroquia se Lira

Festas parroquia do Pindo

Festas de San Mamede

Festas de Quilmas.

San Martiño de Lariño.

Festa de Caldebarcos.

Festa das Dores de Carnota

Festas de Pedrafigueira

Nadal

Fin de ano

4º . Publicar a presente resolución no BOP e na sede electrónica do Concello.

5º- Dar traslado da presente a Policía Local do concello de Carnota.”

- Tendo en conta que se advertiu un erro material na resolución en canto á **Autorización para a ampliación do horario xeral de peche disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, do peche dos establecementos de restauración (epígrafe III.2.5, Orde do 23 de outubro de 2020) e de ocio e entretemento (epígrafe III.2.7, Orde do 23 de outubro de 2020.**
- Considerando que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais ou aritméticos existentes nos seus actos, de conformidade co apartado 2 do artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A alcaldía ten a competencia atribuída para a rectificación do decreto en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

En consecuencia, esta alcaldía **resolve:**

PRIMEIRO. Rectificar a resolución número 56 de 3 de febreiro de 2025 coa corrección do erro material indicado nos antecedentes desta resolución:

Onde di:

“ ...

2º. Autorizar a ampliación en 2:30 horas sobre o horario xeral de peche disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, do peche dos establecementos de restauración (epígrafe III.2.5, Orde do 23 de outubro de 2020) e de ocio e entretemento (epígrafe III.2.7, Orde do 23 de outubro de 2020).

Debe dicir:

“ ...

2º. Autorizar a ampliación en 2:00 horas sobre o horario xeral de peche disposto nos artigos 5 e 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, do peche dos establecementos de restauración (epígrafe III.2.5, Orde do 23 de outubro de 2020) e de ocio e entretemento (epígrafe III.2.7, Orde do 23 de outubro de 2020).

SEGUNDO. Publicar novamente no BOP e na sede electrónica do Concello o acordo íntegro coa corrección do erro material detectado.

TERCEIRO. Dar traslado da presente a Policía Local do concello de Carnota”

En Carnota, a 19 de febreiro de 2025

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

2025/1357